



B A N D O

COMUNICACIÓN DE ESTADO FAVORABLE DA REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA DAS PARROQUIAS DE MOMÁN, XUSTÁS, BEXÁN, ROÁS E DOS NÚCLEOS DE ARNEIRO, MIDE, O PACIO E COSTA DA ZAPATEIRA

DON ARMANDO CASTOSA ALVARIÑO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COSPEITO (Lugo);

FAGO SABER:

Ponse en coñecemento de todos os veciños e veciñas das parroquias de Momán, Xustás, Bexán, Roás, e dos núcleos de Arneiro, Mide, O Pacio e Costa da Zapateira, que, unha vez recibidos os resultados das últimas analíticas realizadas na rede de abastecemento de auga e comprobado que os valores se atopan dentro dos límites establecidos na normativa aplicable, queda sen efecto a restrición temporal sobre o consumo de auga da rede que fora comunicada por esta Alcaldía mediante o bando ditado o día 8 de mayo de 2026.

Polo tanto a auga da rede municipal antes referida pode utilizarse con normalidade, para beber, cociñar ou preparar alimentos.

Este Concello agradece a comprensión e colaboración de toda a veciñanza afectada durante o período en que dita restrición permaneceu vixente.

Seguiremos traballando para mellorar os sistemas de control e resposta ante este tipo de incidencias en aras a ofrecer a máxima garantía nun servizo esencial como é o abastecemento de auga potable.

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Cospeito, na data que figura á marxe do documento

Don Armando Castosa Alvariño,
Sr. Alcalde-Presidente

DOCUMENTO DATADO E ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

